

MATERIA
Literatura Norteamericana 2

**unidade
didáctica
6**

TITULACIÓN
Grao en Lingua e Literatura Inglesas

Humanidades

As literaturas étnicas dos Estados Unidos

**Vanesa Lado Pazos
Patricia Fra López**

Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
Facultade de Filoloxía

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679758>

MATERIA: Literatura Norteamericana 2**TITULACIÓN: Grao en Lingua e Literatura Inglesas**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. A Xeración Perdida

Contexto histórico e cultural: «Os felices anos 20»

F. S. Fitzgerald: *The Great Gatsby* (1925) e «Echoes of the Jazz Age» (1931)Ernest Hemingway: «The Killers» (1927) e «Hills Like White Elephants» (1927)
e «A Clean Well-Lighted Place» (1933)**Unidade II. O Renacemento do Sur**

O Sur como rexión xeográfica e cultural

William Faulkner: «A Rose for Emily» (1930), «Barn Burning» (1938)

Unidade III. O Renacemento de Harlem

O «novo negro» e o auxe da cultura afroamericana

Langston Hughes: «The Negro Speaks of Rivers» (1921), «I, Too» (1926) e «Harlem» (1951)

Unidade IV. O realismo social

Contexto histórico e características literarias

John Steinbeck: *The Grapes of Wrath* (1939)

Flannery O'Connor: «A Good Man is Hard to Find» (1953)

Harper Lee: *To Kill a Mockingbird* (1960)**Unidade V. O teatro de metade de século**

A tradición dramática nos Estados Unidos

Arthur Miller: *The Crucible* (1953)Lorraine Hansberry: *A Raisin in the Sun* (1959)**Unidade VI. As literaturas étnicas dos Estados Unidos**

Contextualización das minorías étnicas estadounidenses

O caso afroestadonidense: Toni Morrison

Beloved (1987): personaxes, temas e aspectos formais

«Unspeakable Things Unspoken» (1988): sociedade e representación

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

COMPETENCIAS

OBXECTIVOS

CONTIDOS

1. A literatura de minorías étnicas nos Estados Unidos
2. Caso de estudo: *Beloved* de Toni Morrison
 - 1.1. Autora e contexto
 - 1.2. *Beloved*
 - 2.2.1 Análise de personaxes
 - 2.2.2 Análise temática
 - 2.2.3 Análise formal
3. Sociedade e representación

METODOLOXÍA

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

- Bibliografía básica
- Bibliografía complementaria

ANEXOS

- Anexo I. Esquema de seguimento da unidade
- Anexo II. Cuestionario inicial
- Anexo III. Guía de lectura
- Anexo IV. Escolma de fragmentos



PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica, titulada *Literaturas étnicas dos Estados Unidos* é a sexta e derradeira das pertencentes á materia Literatura Norteamericana 2, cursada no segundo semestre do cuarto ano e que conta cunha carga de seis créditos ECTS. Esta materia forma parte do módulo de Literatura Norteamericana do Grao en Lingua e Literatura Inglesas. Este está composto por unha materia inicial denominada Introducción á Literatura Norteamericana (segundo curso) e por Literatura Norteamericana 1 (terceiro curso) organizadas de maneira secuencial. Na primeira destas ofrécese unha panorámica xeral da historia literaria dos Estados Unidos dende a fundación das primeiras colonias ata o momento actual, mentres que na segunda se afonda nos movementos literarios e autores máis relevantes do século XIX. Literatura Norteamericana 2 constitúe a materia final deste módulo na que se tratan en profundidade o panorama literario, cultural e históricos dos Estados Unidos no século XX a través da ficción, teatro, poesía e ensaio máis representativos do período.

Esta unidade trata o tema da literatura de minorías étnicas a través do estudo da produción literaria e ensaística da escritora afroestadounidense¹ Toni Morrison. Esta desenvolverase a través de dous textos chave: a novela *Beloved* (1987) e o ensaio «Unspeakable Things Unspoken: The Afro-American Presence in American Literature» (1988). Tanto a escolla desta autora coma a dos textos en representación do conxunto de minorías étnicas do país está ligada á relevancia do colectivo afroestadounidense na historia dos EUA e no momento actual. Estes escritos inclúen ademais outros colectivos oprimidos por motivos de raza, etnia ou xénero. Así, este caso particular propónse como unha base sobre a que reflexionar sobre cuestións críticas transversais, nomeadamente a representación e o canon, e trazar relacións con outras tradicións literarias e marcos teóricos estudados, especialmente o poscolonial. Cunha duración proxectada de cinco sesións, a proposta ten un enfoque híbrido que tenta complementar unha aproximación teórica aos fundamentos históricos e críticos coa práctica de análise textual. A complexidade formal e profundidade temática dos textos propostos require dunha ampla bagaxe literaria outorgada por materias e obras precedentes. É por este motivo que a unidade se localiza na derradeira parte da materia e ten por destinatario o alumnado de cuarto curso.

¹ Nesta unidade didáctica emprégase o termo «afroestadounidense» para referirse á comunidade negra formada por persoas que descendem doutras de orixe africano e que naceron nos Estados Unidos. Deste xeito busca diferenciarse do termo máis amplo «afroamericano» no que se subsumirían todas as persoas de orixe africana que viven no continente americano (os países que conforman América do Norte, América Central, América do Sur e o Caribe). Este segundo aparece nunha única ocasión para referirse ao movemento do Renacemento de Harlem, xa que se mencionarán movementos sociais que se estaban a dar no Caribe e outras nacións en proceso de descolonización.

COMPETENCIAS

A continuación sinálanse aquelas competencias básicas, xerais e específicas que se traballarán na unidade didáctica.

Competencias básicas:

- CB3: Que o alumnado teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- CB4: Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.

Competencias xerais:

- CX5: Competencia cultural e artística: desenvolvemento da capacidade creativa a través do coñecemento da literatura, a cultura e a civilización anglosaxoa. Capacidade de apreciar o feito cultural e creativo; de comprender, valorar, e apreciar a dimensión histórica das diferentes manifestacións culturais e artísticas en lingua inglesa.
- CX7: Competencia de aprender a aprender: conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Desenvolvemento do pensamento estratéxico e da capacidade de cooperar, de autoavaliarse e de manexar con eficiencia un conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Adquisición de técnicas de estudo e formación continuada.
- CX8: Competencia no tratamento de información nunha segunda lingua (nivel B2), así como da súa cultura e literatura.

Competencias específicas:

- CE5: Coñecemento dos acontecementos históricos e das características culturais que condicionaron e condicionan o desenvolvemento da lingua e da produción literaria en lingua inglesa.
- CE6: Dominio das técnicas utilizadas na análise de textos.
- CE7: Comprensión das implicacións culturais e históricas dos distintos estilos e recursos técnicos literarios, tendo en conta as características estéticas e temáticas dos distintos xéneros.
- CE8: Capacidade para situar a produción literaria dos países de fala inglesa no contexto social, cultural e político na que foi escrita.
- CE9: Capacidade de observar conexións e diverxencias entre as distintas tradicións literarias dos países de fala inglesa.
- CE11: Coñecemento dos acontecementos históricos e das características culturais que condicionaron e condicionan o desenvolvemento da lingua e da produción literaria en lingua inglesa.

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais:

- Situar as obras de lectura nos seus respectivos contextos históricos, culturais e literarios.
- Identificar e analizar os aspectos formais e temáticos relevantes dunha peza literaria.
- Fomentar a lectura crítica por parte do alumnado, que deberá proporcionar as súas propias interpretacións debidamente informadas e razoadas.
- Acadar unha visión ben fundamentada da evolución da chamada «tradición literaria estadounidense» ao longo do século XX.

Obxectivos específicos:

- Coñecer a historia, cultura e tradición literaria do colectivo afroestadounidense no contexto das literaturas étnicas dos Estados Unidos.
- Expoñer de maneira sintética, precisa e concisa as ideas principais dun fragmento literario en relación á totalidade da obra.
- Relacionar textos críticos de carácter secundario cos textos primarios.
- Extrapolar coñecementos adquiridos para a reflexión crítica sobre a tradición literaria canonizada.
- Concienciar o alumnado sobre opresións de diferentes índoles a través da reflexión sobre a construción do Outro.

CONTIDOS

Os contidos da proposta didáctica estruturaránse en tres bloques interconectados que buscan afondar nas diferentes dimensións do que poderíamos denominar «a literatura das marxes». No que segue ofrécese un breve resumo dos aspectos principais a tratar en cada un deles. Estes deberán ser complementados coas ideas que xurdan a partir dos traballos expostos na aula e, se fose preciso, coas fontes secundarias que figuran no subapartado de bibliografía complementaria.

1. A literatura de minorías étnicas nos Estados Unidos

Neste apartado introdutorio comezarase por delinear o concepto de «minoría étnica» nos Estados Unidos e o lugar que ocupa na narrativa de identidade nacional do país. A continuación ofrecerase unha panorámica xeral de tres grandes colectivos —o asiático, o chicano e o afroestadounidense— como exemplos da multitude de minorías étnicas. Esta centrarse sobre todo nos dous primeiros casos sobre os que se proporcionarán unha serie de nocións históricas. A experiencia de migración e opresión compartida por ambas comunidades dará pé a unha análise diferencial dos efectos individuais e grupais a través de conceptos tales coma «identidades híbridas», «asimilación» ou «transculturalidade». Estes aspectos serán ilustrados con

referencias diferentes obras de ficción escritas por autores pertencentes aos diversos grupos étnicos. Con isto ofrecerase un compendio daquelas obras e autores máis representativos destas tradicións.

2. Caso de estudo: *Beloved* de Toni Morrison

Este segundo bloque céntrase exclusivamente no caso afroestadounidense a través do estudo dunha das obras máis representativas do período e dividirase nos seguintes subapartados.

1.1. *Autora e contexto*

Comezarase por facer unha breve contextualización teórica na que se presentará a autora no seu contexto. Cunha obra que abrangue once novelas e máis de medio cento de ensaios, a autora perfilouse como unha figura imprescindible da literatura afroestadounidense contemporánea. Tamén no eido internacional, a escritora gañou relevancia cando foi galardoada co Premio Nobel da literatura no ano 1993. Esta aproximación inicial enfocárase en dar a coñecer os diferentes títulos que compoñen a súa produción literaria e aquelas obras ensaísticas coas que se poderían relacionar. Así, ofrecerase unha panorámica xeral dos temas que aparecen de xeito máis recorrente nestes ensaios, nomeadamente: a Outredade e a súa representación literaria, a opresión e a violencia racial, a memoria histórica e opresión interseccional. Posteriormente, estes serán contextualizados atendendo aos fitos que marcaron a historia do colectivo negro nos Estados Unidos no século XX. Finalmente, incidirase na perspectiva de xénero a través da exploración da autora como membro de pleno dereito do chamado *womanism*, un movemento feminista desenvolvido na década de 1980 que coloca a muller de cor no centro da ollada crítica.

1.2. *Beloved*

A discusión crítica desta novela irá precedida por unha breve introdución na que se delimitará a súa liña argumental base: o retorno da pantasma dunha crianza asasinada pola súa propia nai. Aquí introducirase brevemente o caso de Margaret Garner, unha escrava escapada quen, cando se veu asediada polos seus antigos amos, asasinou á súa filla co fin de evitarlle a tortuosa vida da escravitude e foi por este motivo condenada por atentar contra propiedade privada. Este feitos ofrécense como antecedente da narración de Morrison e cumpren unha dobre funcionalidade. En primeiro lugar, a confrontación coa natureza deshumanizadora da realidade histórica da escravitude dende unha perspectiva diferente. En segundo lugar, a reflexión sobre a natureza do exercicio literario, as súas técnicas e particularidades.

A análise inmanente da obra atenderá dous elementos narrativos chave —personaxes e temas— dos cales se derivarán outros secundarios, así como os trazos formais de maior relevancia. A pesar de que estes figuran divididos por motivos de

claridade expositiva, son indisolubles e, en moitas ocasións, xurdirán de maneira conxunta nas discusións do texto.

2.2.1 *Análise de personaxes*

Esta análise desenvolverase ao redor de tres dos personaxes principais con referencias a outros secundarios:

- **Sethe:** unha muller que fuxiu embarazada da plantación na que estaba confinada en Kentucky cara ao estado de Ohio. A historia xira ao redor das circunstancias que a levan a tomar a decisión de matar a unha das súas fillas antes de que esta sexa devolta á escravitude, os intentos frustrados de reconstruír a súa vida tras ser liberada, e a transformación que sofre, consumida pola culpa e a dor, tras o retorno espectral da finada. A través desta personaxe explorárase o tema da maternidade.
- **Paul D:** compañeiro de Sethe na plantación de Sweet Home, tras o seu intento de fuxida é severamente castigado. A ardua vida que leva tras a abolición da escravitude mostra unha continuación nas condicións de opresión que se estenden durante o período da Reconstrución. O seu encontro con Sethe e a perspectiva dun futuro mellor verase truncado cando descobre o que ela fixo. A través desta personaxe analízase o trauma en conexión coa masculinidade.
- **Beloved:** a personaxe que lle dá título a obra, trátase da figura máis complexa e evasiva. Nela converxen diferentes dimensións que levan a interpretala dende varios ángulos. A lectura máis xeneralizada é a da reencarnación fantasmagórica da filla de Sethe asasinada anos atrás. Porén, os recordos que ela posúe transcenden esta realidade e introducen a memoria do chamado «Middle Passage», a viaxe entre a costa africana e as Américas á que todos os futuros escravos eran sometidos. Neste senso, a personaxe figura coma unha entidade atemporal que alberga unha multiplicidade de identidades.

2.2.2 *Análise temática*

Unha obra rica e complexa coma esta presenta unha ampla variedade de temas difícil de abarcar na súa totalidade. Por este motivo, seleccionárase tres grandes liñas temáticas presentes na obra que se relacionan directamente co obxecto da unidade didáctica, isto é, os trazos notables da literatura das minorías étnicas. A través destas introdúcese na aula conceptos teóricos de campos de estudo específicos como os estudos poscoloniais, de xénero ou de trauma. Estes proporcionarán un primeiro achegamento a marcos teóricos que poderán ser explorados en traballos de investigación de maior calado tales como o TFG ou TFM.

- **Suxeito e axencia:** aqueles afectados pola condición de escravos eran codificados como seres alleos á condición humana e privados de elección. Na

obra explórase o xeito no que a axencia, isto é, a actualización do poder de elección, é o principal mecanismo que permite construír o suxeito como tal e como ser social.

- **O trauma e a súa transmisión:** a obra é testemuña de diferentes formas de trauma que afecta aos personaxes principais. Sethe e Paul D sofren o trauma da violencia, deshumanización e subxugación á que foron sometidos pola súa condición de escravos. Porén, as súas identidades de xénero introducen, ao mesmo tempo, experiencias diferentes que perfilan a ferida traumática de diferentes xeitos. No caso de Sethe isto explórase a través da maternidade e como, contaminada polo contorno no que se produce, se volve unha forza que consume a súa vida. No caso de Paul D a novela afonda nas cuestións da masculinidade e nas actitudes que se subsumen baixo esta categoría nunha sociedade patriarcal. Neste eido, o tropo da pantasma (epitomizado por Beloved) tórnase no vehículo central de expresión do xeito no que o pasado traumático irrompe e desestabiliza o presente e o futuro.
- **Memoria e conmemoración:** a obra en si mesma (dedicada a todas as vítimas do comercio transatlántico de escravos) e, especialmente, o final aberto examinan a tensión entre o esquecemento como un mecanismo de supervivencia e o recordo como un deber moral. Estes introducen a importancia da lembranza do pasado como parte integral na construción dun futuro igualitario. Esta aserción implica unha realidade extratextual que apela directamente ao que a autora chamou «amnesia nacional» en referencia ao status da memoria histórica nos EUA.

2.2.3 Análise formal

Dentro deste apartado trataranse aqueles aspectos estético-formais que, ben pola súa especificidade, ou polo seu carácter estrutural ou recorrencia, sexan de especial relevancia. Analizarase como estes contribúen á fragmentación que define a obra como unha narrativa de trauma no marco posmodernista. Comezase examinando a estrutura da obra: a súa división en tres grandes bloques, a secuenciación dos eventos e organización temporal na que a orde cronolóxica se ve alterada continuamente por prolepses e analepses.

Unha vez establecida a organización e marco temporal atenderase a outros elementos centrais. Por unha banda, as diferentes perspectivas narrativas que presenta a novela: a maioritaria dun narrador extradiexético omnisciente interrompida por monólogos en primeira persoa ou pasaxes do denominado *stream of consciousness*. Por outra banda, o tipo de lingua empregada cunha énfase especial no uso selectivo da variedade dialectal negra (o chamado *African American Vernacular English*) e da linguaxe figurada empregada nas metáforas.

3. Sociedade e representación

O derradeiro bloque desta unidade temática artéllase ao redor da lectura do ensaio «Unspeakable Things Unspoken: The Afro-American Presence in American Literature» tamén escrito por Morrison e publicado no ano 1988. Trátase dun texto ensaístico de índole crítica no que a autora fai unha reflexión sobre o lugar secundario, e aparentemente invisible que o colectivo afroestadounidense ocupou na tradición literaria do país. A través da lectura crítica deste texto trazarase un diálogo entre a perspectiva da crítica literaria e a súa expresión artística na obra anteriormente estudada. Este texto, que pecha non só a unidade didáctica, senón a materia ao completo, pretende empregarse como vehículo para levar a cabo unha reflexión xeral sobre a configuración do canon, a representatividade de minorías de diferentes índoles (étnicas, de xénero, sexuais, etc.), e a importancia da representación de realidades diverxentes. A pesar de estar circunscrito á tradición estadounidense, este texto expón cuestións de carácter universal que deberían informar as aproximacións críticas a calquera literatura nacional.

METODOLOXÍA

A unidade didáctica desenvolverase nas derradeiras cinco sesións do cuadrimestre, cada unha delas cunha duración dunha hora. Isto implica cinco horas de traballo presencial na aula e un aproximado de dezaseis horas de traballo non presencial. Este será de índole autónoma, para a lectura dos textos obrigatorios e a elaboración do comentario, ou grupal para a posta en común e produción dunha análise consensuada. A secuenciación dos contidos móstrase na táboa que segue:

Táboa 1. Cronograma

SESIÓN 1	Introdución teórica: A literatura de minorías étnicas nos Estados Unidos
SESIÓN 2	Cuestionario avaliación inicial Introdución teórica ao caso de estudo: A autora e contexto Novela <i>Beloved</i>
SESIÓN 3	Presentacións alumnado: análise de personaxes e aspectos formais a través da discusión de fragmentos
SESIÓN 4	Presentacións alumnado: análise de temas e aspectos formais a través da discusión de fragmentos
SESIÓN 5	Discusión colectiva das ideas principais do ensaio «Unspeakable Things Unspoken» e posterior debate

Tanto a primeira como a segunda sesión serán de carácter teórico e seguirán o método afirmativo-expositivo. Na primeira delas abordarse o primeiro punto dos contidos, isto é, unha introdución á literatura de minorías étnicas nos Estados Unidos. Na segunda abordarse o correspondente ao apartado segundo cunha introdución ao caso de estudo, así como os subapartados primeiro e segundo que tratarán aspectos teóricos sobre a autora e unha breve introdución xeral á obra. Nesta segunda sesión reservarase, ademais un tempo para a realización dun cuestionario inicial sobre a historia e cultura afroestadounidense.

A terceira e cuarta sesións baséanse no método de elaboración interrogativo para a análise e posta en común dos fragmentos seleccionados a través dun proxecto colaborativo. Na primeira delas atenderase ao recollido no subapartado 2.2.1 e 2.2.3 dos contidos, isto é, a análise de personaxes e aspectos formais. A segunda centrarase no subapartado 2.2.2 e 2.2.3, isto é, a análise de temas e aspectos formais. É importante sinalar que para esta parte o alumnado será dividido nun total de seis equipos móbiles de configuración libre. En cada unha destas sesións participarán tres grupos con presentacións de dez minutos que se complementará cunha quenda de preguntas e respostas na que se compilarán, completarán e sintetizarán ideas.

Finalmente, na derradeira sesión traballarase sobre o ensaio previamente lido e comentado seguindo o recollido no punto terceiro dos contidos. Farase unha posta en común entre todos aqueles que conforman o grupo fixo do curso que levará a un debate guiado polo docente. Seguindo as fases metodolóxicas de presentación (introdución teórica), análise (análise textual) e síntese (debate) esta buscará extrapolar os coñecementos adquiridos a través da análise crítica da novela e do ensaio á tradición literaria estadounidense, e de xeito transversal, ao sistema literario.

No que respecta aos medios e recursos, esta proposta didáctica contempla o uso tanto de espazos físicos da Facultade (as propias salas de aula e os numerosos espazos de reunión e traballo dentro e fóra da biblioteca) como da alternativa telemática coa creación de equipos en plataformas institucionais tales como *MS Teams*. Xunto con esta, empregarase a aula virtual da materia con tres funcionalidades principais. En primeiro lugar, como a principal canle de avisos de organización e información de prazos. En segundo lugar, como repositorio dos materiais empregados no curso debidamente licenciados baixo as normativas de dereitos de autor. En terceiro lugar, para a realización do cuestionario e a entrega do comentario. Neste senso, o acceso á rede, que se pode realizar dende o ámbito institucional ou dende o persoal, será esencial para que o alumnado poida facer un seguimento axeitado da materia. Alén disto, o alumnado deberá facerse cunha copia das fontes primarias (a novela e o ensaio) ben mediante os fondos da Biblioteca Universitaria ou mercándoa a título persoal.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

A continuación descríbense en maior detalle as actividades reflectidas no cronograma:

1. **Cuestionario historia afroestadounidense.** Esta enquisa propón unha serie de cuestións xerais sobre a historia e cultura do colectivo afroestadounidense no Estados Unidos. Realizarase na aula a través da plataforma educativa da institución (ou alternativamente doutros programas análogos tales como *MS Forms* ou *Kahoot*). A súa funcionalidade é establecer unha serie de fitos históricos dos que o alumnado deberá coñecer, e de ofrecer datos sobre para establecer o punto de partida da exposición teórica por parte do docente.
2. **Análise literaria.** O alumnado deberá ler a novela e o ensaio propostos ao completo e de xeito autónomo. Para este fin terán como apoio unha guía de lectura proporcionada polo docente. Ademais disto, seleccionaranse unha serie de fragmentos que deberán ser estudados con maior atención para a elaboración do traballo grupal.
3. **Proxecto colaborativo.** O traballo grupal sobre a novela *Beloved* proposto consta de varias fases:
 - En primeiro lugar cada alumno que conforma o grupo deberá facer unha análise propia do fragmento atribuído ao seu grupo atendendo aos parámetros sinalados (ou ben personaxes e aspectos formais, ou ben temas e aspectos formais).
 - A continuación todos os membros do grupo reuniranse para partillar as súas ideas: os puntos de converxencia e diverxencia. Deberán elaborar unha proposta común e consensuada que recolla aqueles aspectos que consideren de maior relevancia e esquematizalos para compartir co resto da clase (ben a través dunha presentación ou dun documento informativo).
 - Esta proposta será presentada na aula por un voceiro escollido de maneira democrática entre os membros do equipo. Nesta exposición non só se deberán sinalar os aspectos máis relevantes do fragmento de maneira illada, senón que tamén se terá que relacionar o fragmento co resto da obra e ilustralo con exemplos extraídos da mesma.
 - Finalmente, haberá un tempo dedicado a facer preguntas ou aclaracións guiado polo docente no que se farán as matizacións e correccións oportunas, engadirase información e farase unha síntese dos datos.
4. **Comentario de texto.** O alumnado terá que escribir un ensaio respondendo a unha pregunta sobre o segundo texto principal, «Unspeakable Things Unspoken». Esta estará orientada a trazar unha conexión entre aspectos particulares discutidos pola autora e conceptos de carácter universal. O comentario será entregado a través da dunha tarefa creada na plataforma educativa virtual para tal fin.
5. **Posta en común e debate.** Unha vez entregado o comentario, procederase a unha posta en común das ideas que o alumnado traballou de xeito individual nos seus textos. Esta dará paso a un debate artellado en torno á noción de canon e representación monitorizado polo docente.

AVALIACIÓN

A materia na que se inscribe esta unidade didáctica consta cun sistema de avaliación no que se lle atribúe o 50 % do valor á avaliación continua e o 50 % ao exame final. A avaliación desta unidade didáctica tería lugar dentro do primeiro apartado, atribuíndolle un peso porcentual do 50 %. Isto é, dos cinco puntos da avaliación continua, as actividades desta unidade podería acadar unha puntuación máxima de 2,5 puntos. A continuación detállanse os instrumentos de avaliación empregados en cada unha das etapas:

- Para a avaliación inicial farase unha proba a través dun cuestionario. Este non computará en xeito algún na nota do alumno senón que se fará para determinar o nivel grupal.
- A avaliación procesual empregará técnicas de observación, orais e de produción. Por unha banda, tanto o traballo grupal como o comentario de texto individual serán avaliados a través da rúbrica recollida na figura 1. En cada un destes o alumnado poderá acadar unha puntuación máxima de 1 punto. Ademais disto, empregarase unha lista de control que recollerá a asistencia ás aulas e a participación activa, especialmente no debate final, e computará un máximo de 0,5 puntos.

Figura 1. Rúbrica avaliación

Aspectos do contido (0-8 puntos)	Contextualización (0-1): o equipo é quen de localizar correctamente o lugar do fragmento no desenvolvemento argumental da obra.	Observacións:	Cualificación:
	Identificación ideas (0-2): o equipo fai unha relación axeitada das ideas principais e secundarias atopadas no fragmento.	Observacións:	Cualificación:
	Complexidade discusión (0-4): estas ideas son desenvolvidas en profundidade atendendo aos coñecementos previos e/ou fontes secundarias apropiadas que foron consultadas e debidamente referenciadas.	Observacións:	Cualificación:
	Relación resto da obra (0-1): o equipo é quen de relacionar as ideas coa totalidade da obra e crear un diálogo cos demais fragmentos e presentación.	Observacións:	Cualificación:
Aspectos formais (0-2 puntos)	Organización discursiva (0-1): a presentación artéllase de maneira coherente e as súas partes están ben cohesionadas tanto por afinidade temática como polo uso de marcadores discursivos.	Observacións:	Cualificación:
	Corrección gramatical e ortográfica (0-1): o equipo fai uso dun rexistro adecuado ao contexto, e non existen erros de carácter ortográfico ou gramatical.	Observacións:	Cualificación:

Esta rúbrica recolle unha distinción entre o que atende aos contidos e os aspectos formais. Os primeiros valoraranse cun máximo de 8 puntos sobre 10 atendo aos parámetros de contextualización e análise sinalados na táboa. Os segundos, valoraranse cun máximo de 2 puntos atendendo a parámetros de claridade expositiva e corrección gramatical.

- A avaliación final desta guía farase a través do exame final da materia. Este consta de tres preguntas, das cales o alumno debe escoller dúas, nas que se pide a elaboración dun ensaio a partir dun enunciado e uns fragmentos seleccionados de entre todas as obras estudadas. É condición indispensable aprobar o exame para o cómputo da nota obtida na parte continua.

BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía básica

MORRISON, Toni (1987). *Beloved*. New York: Vintage. 2010.

MORRISON, Toni (1988). «Unspeakable Things Unspoken: The Afro-American Presence in American Literature.» *The Tanner Lectures on Human Values at the University of Michigan*.

Bibliografía complementaria

ANDREWS, William L. e Nellie Y. McKAY (1999). *Beloved: A Casebook*. New York: Oxford University Press.

BAKER, Houston A. (1982). *Three American Literatures: Essays in Chicano, Native American, and Asian American Literature for Teachers of Literature*. New York: The Modern Language Association.

BERGTHALLER, Hannes (2006/2007). «Dis(re)membering History's Revenants: Trauma, Writing, and Simulated Orality in Toni Morrison's *Beloved*». *Connotations: A Journal for Critical Debate*. Vol. 16, no. 1-3. 116-136.

BOWERS, Maggie A. (1998). «Acknowledging Ambivalence: The Creation of Communal Memory in the Writing of Toni Morrison». *Wasafiri*, vol. 13, no. 27. 19-23. DOI: 10.1080/02690059808589588

BHABHA, Homi (2004). *The Location of Culture*. London: Routledge. 2010.

BONILLA-SILVA, Eduardo (2003). *Racism without Racists: Color-Blind Racism and the Persistence of Racial Inequality in America*. Boulder, CO: Lowman & Littlefield.

BRINGAS, Ana e Belén MARTÍN (2000). *Identidades multiculturais, revisión dos discursos teóricos*. Vigo: Universidade de Vigo.

COMFORT, Susan (1995). «Counter-Memory, Mourning and History in Toni Morrison's *Beloved*». *Literature Interpretation Theory*, vol. 6, no. 1-2. 121-132. DOI: 10.1080/10436929508580152

CRENSHAW, Kimberlé (1991). *On Intersectionality: Essential Writings*. New York: The New Press, 2017.

ECKARD, Paula G. (2002). *Maternal Body and Voice in Toni Morrison, Bobbie Ann Mason and Lee Smith*. Columbia: University of Missouri Press.

- FERGUSON, Rebecca (1991). «History, Memory and Language in Toni Morrison's *Beloved*». En Susan Sellers (ed.): *Feminist Criticism, Theory and Practice*. Toronto: University of Toronto Press. 109-127.
- FURMAN, Jan (1996). *Toni Morrison's Fiction*. Columbia: University of South Carolina Press.
- HIRSCH, Marianne (1994). «Maternity and Rememory: Toni Morrison's *Beloved*». En Donna Bassin, Margaret Honey, and Meryle Mahrer Kaplan (eds.): *Representations of Motherhood*. New Haven: Yale University Press.
- HORVITZ, Deborah (1989). «Nameless Ghosts: Possession and Dispossession in *Beloved*». *Studies in American Fiction*, vol. 17, no. 2. 157-167. DOI: 10.1353/saf.1989.0019
- HOUSE, Elizabeth (1990). «Toni Morrison's Ghost: The Beloved Who is Not Beloved». *Studies in American Fiction*, vol. 18, no. 1. 17-26. DOI: 10.1353/saf.1990.0016
- KRUMHOLZ, Linda (1992). «The Ghosts of Slavery: Historical Recovery in Toni Morrison's *Beloved*». *African American Review*, vol. 26, no. 3. 395-408.
- KENDI, Ibram X. (2016). *Stamped from the Beginning: The Definitive History of Racist Ideas in America*. New York: Basic.
- MORRISON, Toni (1992). *Playing in the Dark: Whiteness and the Literary Imagination*. Cambridge: Harvard University Press.
- MORRISON, Toni (2008). «The Site of Memory». En Carolyn C. Denard (ed.): *What Moves at The Margins: Selected Non Fiction*. Jackson: University Press of Mississippi.
- MORRISON, Toni (2018). *The Origin of Others*. Cambridge: Harvard University Press.
- PETERSON, Nancy J. (ed.) (1997). *Toni Morrison: Critical and Theoretical Approaches*. Baltimore: The Johns Hopkins University Press, 1997.
- ROYNON, Tessa (2013). *The Cambridge Introduction to Toni Morrison*. Cambridge: Cambridge University Press.
- SCHREIBER, Evelyn J. (2010). *Race, Trauma and Home in the Novels of Toni Morrison*. Baton Rouge: Louisiana State University Press.
- SOLLORS, Werner (ed.) (1986). *Beyond Ethnicity: Consent and Descent in American Culture*. New York: Oxford University Press.
- SPARGO, R. Clifton (2002). «Trauma and the Specters of Enslavement in Morrison's *Beloved*». *Mosaic*, vol. 35, no. 1. 113-131.
- WILENTZ, Gay (1992). *Binding Cultures: Black Women Writers in Africa and the Diaspora*. Indianapolis: Indiana University Press.

ANEXOS

Anexo I. Esquema de seguimento da unidade

Ao comezo do período no que se desenvolverá a unidade didáctica, cada alumno poderá atopar na plataforma educativa un esquema dos contidos e actividades que se realizarán. Este vén completar o cronograma inicial entregado ao alumado ao

comezo do curso académico, onde se establece a distribución dos contidos ao longo do cuadrimestre.

Unidade 6: As literaturas étnicas dos Estados Unidos

1. A literatura de minorías étnicas nos EUA:

- a. Concepto de etnicidade
- b. Principais minorías étnicas: autores e obras representativos

2. Caso de estudo: *Beloved* de Toni Morrison

- a. O colectivo afroestadounidense
Cuestionario inicial (Campus Virtual)
- b. Toni Morrison: autora e obra
- c. Análise textual (cf. Guía de lectura)

Instrucións traballo en grupo

1. Constitución de grupos (Foro Campus Virtual)
2. Distribución de fragmentos e parámetros de análise
3. Lectura individual e identificación de ideas principais
4. Elaboración dun documento/presentación que recolla a contextualización do fragmento, unha versión consensuada das ideas máis relevantes e como estas se relacionan co resto da obra.
5. Exposición dos achados máis relevantes por parte dun voceiro cunha duración de dez minutos.

3. Sociedade e representación

- a. Lectura do ensaio «Unspeakable Things Unspoken: The Afro-American Presence in American Literature» (1988)
- b. Elaboración dun comentario (Tarefa Campus Virtual)

Instrucións comentario:

Enunciado: Escribe un ensaio de entre 500-600 palabras contestando a esta pregunta: Como describe a autora a presenza do colectivo afroestadounidense na tradición literaria estadounidense?

- c. Debate: Que é o canon e como se configura? Que entendes por representación? Como se relacionan estes conceptos co visto nesta unidade?

Anexo II. Cuestionario inicial

Este cuestionario empregarase como proba diagnóstica dos coñecementos que posúe o alumnado para establecer un punto de partida de nivelación. Realizarase a través do Campus Virtual e as respostas serán brevemente comentadas na clase a medida que se desenvolve a explicación teórica.

Responde ás seguintes preguntas:

1. Sinala o título de dúas narrativas de escravitude.
2. Cales son os dous grandes bloques que se enfrontaron na Guerra Civil? Sinala tres aspectos característicos de cada un.
3. Ordena cronoloxicamente os seguintes períodos históricos e atribúelles unha data:
 - a. Movemento *Black Lives Matter*
 - b. A Gran Migración Afroestadounidense
 - c. O «Vello Sur»
 - d. As Leis Jim Crow
 - e. A Guerra de Secesión
 - f. O movemento dos Dereitos Civís
 - g. O Renacemento de Harlem
4. Que se entende por interseccionalidade?
5. Cales das seguintes obras foron escritas por Toni Morrison?
 - a. *Their Eyes Were Watching God*
 - b. *Sula*
 - c. *The Color Purple*
 - d. «Recitatif»
 - e. *Native Son*
 - f. *The Bluest Eyes*

Anexo III. Guía de lectura

A continuación preséntase o documento que lles servirá como guía na lectura individual da novela *Beloved*.

***Beloved* (1987) Toni Morrison**

1. Como se estrutura a novela? Ten en conta as sección e os capítulos.
2. Cantos narradores podes identificar na novela? Caracterízaos atendendo a parámetros narrativos.
3. Considera a dimensión espacial e temporal (tanto interna como externa). Pode ser de utilidade debuxar unha liña cronolóxica para situar os sucesos máis importantes de maneira ordenada.
4. Fai un esquema dos personaxes principais e secundarios e de como se relacionan.
5. Describe as personaxes de Denver e Baby Suggs. Cal é a súa función?

6. Fai unha listaxe dos diferentes trazos atribuídos a Beloved.
7. Como describirías a relación entre Paul D e Beloved?
8. Como se caracteriza a maternidade na novela?
9. Como se constrúe a masculinidade na obra?
10. A que realidades traumáticas fai referencia a narración?
11. Nunha entrevista concedida ao diario *The World*, a autora comentou o seguinte após da publicación da obra:

«There is no place you or I can go, to think about or not think about, to summon the presences of, or recollect the absences of slaves; nothing that reminds us of the ones who made the journey and of these who did not make it. There is no suitable memorial, or plaque, or wreath, or wall, or park, or skyscraper lobby. There's no three-hundred-foot tower, there's no small bench by the road. There is not even a tree scored, an initial that I can visit or you can visit in Charleston or Savannah or New York or Providence or better still on the banks of the Mississippi. And because such a place doesn't exist (that I know of), the book had to.»

- Tendo isto en conta, como se podería interpretar a novela no seu conxunto?
12. Presta atención ao xeito no que está escrito a novela. Que técnicas ou estilos narrativos e recursos literarios podes identificar?

Anexo IV. Escolma de fragmentos

A continuación preséntase unha versión reducida da escolma de textos seleccionados para a análise por grupos, todos eles pertencen á novela *Beloved*.

Fragmento 1, p. 86

Paul D had only begun, what he was telling her was only the beginning when her fingers on his knee, soft and reassuring, stopped him. Just as well. Just as well. Saying more might push them both to a place they couldn't get back from. He would keep the rest where it belonged: in that tobacco tin buried in his chest where a red heart used to be. Its lid rusted shut. He would not pry it loose now in front of this sweet sturdy woman, for if she got a whiff of the contents it would shame him.

Fragmento 2, pp.103–104

She told them that the only grace they could have was the grace they could imagine. That if they could not see it, they would not have it. [...]

'Here,' she said, 'in this here place, we flesh; flesh that weeps, laughs; flesh that dances on bare feet in grass. Love it. Love it hard. Yonder they do not love your flesh. They despise it. They don't love your eyes; they'd just as soon pick em out. No more do they love the skin on your back. Yonder they flay it. And O my people they do no love your hands. Those they only use, tie, bind, chop off and leave empty. Love your hands! Love them. Raise them up and kiss them. Touch others with them, pat them

together, stroke them on your face 'cause they don't love that either. *You* got to love it, *you!*'

Fragmento 3, pp. 147–148

Was that it? Is that where the manhood lay? In the naming done by a whiteman who was supposed to know? [...] It was schoolteacher who taught them otherwise. A truth that waved like a scarecrow in rye: they were only Sweet Home men at Sweet Home. One step off that ground and they were trespassers among the human race. Watchdogs without teeth; steer bulls without horns; gelded work horses whose neigh and whinny could not be translated into a language responsible humans spoke. His strength had lain in knowing that schoolteacher was wrong. Now he wondered.

Fragmento 4, 236–237

I'll explain to her, even though I don't have to. Why I did it. How if I hadn't killed her she would have died and that is something I could not bear to happen to her. When I explain it she'll understand, because she understands everything already. I'll tend her as no mother ever tended a child, a daughter. Nobody will ever get my milk no more except my own children. I never had to give it to nobody else —and the only time that I did it was took from me— they held me down and took it. Milk that belonged to my baby. Nan had to nurse whitebabies and me too because Ma'am was in the rice. The little whitebabies got it first and I got what was left. Or none. There was no nursing milk to call my own. I know what it is to be without the milk that belongs to you; to have to fight and holler for it, and to have so little left. I'll tell Beloved about that; she'll understand. She my daughter. The one I managed to have milk for and to get it for her even after they stole it; after they handled me like I was the cow, no, the goat, back behind the stable because it was too nasty to stay in with the horses. But I wasn't too nasty to cook their food or to take care of Mrs. Garner.

Fragmento 5, pp. 248–249

[...] All of it is now it is always now there will never be a time when I am not crouching and watching other who are crouching too I am always crouching the man on my face is dead his face is not mine his mouth smells sweet but his eyes are locked

Some who eat nasty themselves I do not eat the men without skin bring their morning water to drink we have none at night I cannot see the dead man on my face daylight comes through the cracks and I can see his locked eyes I am not big small rats do not wait for us to sleep someone is thrashing but there is no room to do it in if we had more to drink we could make tears we cannot make sweat or morning water so the men without skin bring us theirs one time they bring us sweet rocks to suck we are all trying to leave our bodies behind the man on my face has done it it is hard to make yourself die forever you sleep short and then return in the beginning we could vomit now we do not

Fragmento 6, pp. 324

It was not a story to pass on.

Down by the stream in back of 124 her footprints come and go, come and go. They are so familiar. Should a child, an adult place his feet in them, they will fit. Take them out and they disappear again as though nobody ever walked there.

By and by all trace is gone, and what is forgotten is not only the footprints but the water too and what it is down there. The rest is weather. Not the breath of the disremembered and unaccounted for, but wind in the eaves, or spring ice thawing too quickly. Just weather. Certainly no clamor for a kiss.

Beloved.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

